

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000017.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércres**, día **22 de abril de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

ACTAS E GOBERNO

1. RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 3005/2026 DO 13 DE ABRIL, POLO QUE SE NOMEA AO SECRETARIO XERAL DO PLENO DESTE CONCELLO.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTE DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TÓDOLOS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN, DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN E PARA A AUTORIZACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO RELATIVOS ÁS FESTAS DO SAN FROILÁN 2026.

3. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO CO CLUB BALONCESTO BREOGÁN SAD PARA OS ANOS 2026-2027-2028. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac169103120407899688.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-4-2026

NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. EXPTE REF. 2026/C005/000002.

4. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN DO ACCESO Á PRAZA DE ABASTOS DE LUGO POLA RÚA TUÑAS BOUZÓN. Exp ref: 2025/C002/000027. ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

5. APROBAR A EXECUCIÓN E AVALIACIÓN, NO EXERCICIO 2025, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025, CONFORME Á DOCUMENTACIÓN ENVIADA POLAS DIFERENTES ÁREAS.

PERSOAL

6. NOMEAMENTO TRIBUNAL CUALIFICADOR PROCESO SELECTIVO 2 TRABALLADOR/A SOCIAL, QUENDA LIBRE (OEP 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

7. LICENZA URBANÍSTICA PARA REFORMA DE CUBERTAS DA IGRESIA DE SAN ANTONIO DE PADUA EN RUA TUI (Expte. 2026/Y001/000046).

8. APROBACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO REURBANIZACIÓN DA RÚA SERRA DE MEIRA EN LUGO (Expte: 2026/Y001/000045).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

IGUALDADE CASA DA MULLER

9. INFORME PROPOSTA POR OMISIÓN DE INFORME DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA CONVALIDACIÓN DE GASTO RELATIVO AO PAGAMENTO DOS RECIBOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVD. ***.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,